



## Comunicación: apertura dun establecemento

Interesado/a						
DNI-NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		/
Correo electrónico				Fax		

Representante						
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		/
Correo electrónico				Fax		

Datos da parcela ou edificación													
Referencia catastral (RC)													
Rúa										Núm./ Km.	Escaleira	Andar	Porta
Polígono	Parcela	Localización											
Propietario/a da parcela ou edificación										DNI-NIF/CIF/NIE			

## Descrición da actividade (por epígrafe do IAE)

## Comunico:

- A apertura do establecemento sen realizar obras.
- Que remataron as obras comunicadas/autorizadas/ o \_\_/\_\_/20\_\_ (expediente LIC-LAP/\_\_/20\_\_), polo que procede abrir o establecemento ou poñer en funcionamento as instalacións, se é o caso logo da visita de comprobación que prevé o Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental.

Data de inicio da actividade  Se non se indica, entenderase que comezan ao día seguinte de presentar a comunicación

Denominación do establecemento  Número do documento de ingreso

Para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, AUTORIZO ao Concello a comprobar telematicamente con outras administracións públicas os datos comunicados e demais circunstancias relativas á actividade que se vai realizar.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asinado: \_\_\_\_\_

	Rexistro número:
	Expediente número:

**EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Santiago relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



## Certificación técnica de actividade

## (Para encher polo/a técnico/a)

Datos do/a técnico/a competente					
DOI/CIF		Nome e apelidos/Razón social			
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /	
Fax		Correo electrónico			
Titulación/Colexio Profesional				Número de colexiado	

## Certifico que, para o funcionamento da actividade descrita na volta

Remataron as obras autorizadas/comunicadas o \_\_/\_\_/20\_\_ axustándose á documentación que figura no expediente LAP-LIC/\_\_/20\_\_.

Non se realizaron obras, por non ser necesarias, e o estado actual do establecemento axústase á documentación que se xunta, asinada por min, ou á que contén o expediente de licenza de primeira ocupación LIC/\_\_/\_\_\_\_.

En ambos os casos:

1. Adoptáronse con eficacia as medidas correctoras necesarias para dar cumprimento á normativa de aplicación, e que son suficientes para garantir que non se producen molestias á veciñanza.
2. O illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto na Ordenanza municipal de rúidos.
3. O establecemento cumpre o establecido na normativa sectorial e contra incendios actualmente vixente.
4. O establecemento cumpre o establecido na Lei 7/1997 e no Decreto 35/2000 para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.
5. Capacidade máxima \_\_\_\_\_
6. Resultados da medición do illamento acústico conseguido \_\_\_\_\_

En consecuencia, as instalacións e as medidas correctoras están totalmente executadas e preparadas para funcionar.

DECLARO baixo a miña responsabilidade que dispoño do correspondente seguro de responsabilidade civil profesional ou garantía equivalente, e que non estou inhabilitado/a, nin administrativa nin xudicialmente, nin incurso/a en causa de incompatibilidade profesional para redactar e asinar este documento.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20

(Sinatura do/a técnico/a)

Presentar esta comunicación habilita para realizar a actividade descrita, pero non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impongan outras normas. Os edificios de nova construción ou obxecto de reestruturación xeral deben obter previamente a **licenza de primeira ocupación**.

A apertura só pode ser **inmediata** para as actividades **non** sometidas a trámite ambiental ou que non sexan de espectáculos públicos ou recreativas, xa que estas últimas deben agardar á preceptiva **visita de comprobación** dos técnicos municipais (porén, o Decreto 156/1995 do 3 de xuño, de inspección ambiental, permite comezar a actividade nestes casos se non reciben resposta do Concello no mes seguinte á presentación da comunicación completa).

En todo caso, o xustificante da presentación acredita o cumprimento das obrigas administrativas, sen prexuízo das responsabilidades dos autores sobre a documentación técnica e as certificacións expedidas, xa que non supón a aprobación técnica por parte do Concello nin prexulga a situación e efectivo acomodo da actividade á normativa aplicable. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta comunicación equivalerá á non presentación e determinará a imposibilidade de continuar realizando a actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que caiban. Asemade, a resolución municipal que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade.

**EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Santiago relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**DESCRICIÓN**

Pode vostede utilizar este impreso para comunicar a apertura dun establecemento ou a posta en marcha dunhas instalacións con destino a calquera uso distinto do de vivenda.

Debera especificar se non foron necesarias obras ou se finalizaron as previamente autorizadas ou comunicadas co fin de poñer en marcha unha nova actividade (ou co de modificar substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada). Para utilizar os edificios de nova planta ou que foran obxecto dunha reestruturación xeral será preciso obter, antes de presentar este impreso, a **licenza de primeira ocupación**.

Esta **comunicación de apertura de establecemento** habilita a inmediata posta en uso dos establecementos destinados a actividades inocuas. En cambio, os locais destinados a espectáculos ou actividades recreativas (ou a reapertura dos que levaran pechados máis de seis meses) e os establecementos destinados a actividades clasificadas ambientalmente, precisan da visita de comprobación con resultado favorable por parte dos técnicos municipais (se ben poderán abrir no caso de non recibir noticias do Concello no mes seguinte á presentación desta comunicación completa).

**DOCUMENTACIÓN**

Cando NON se realizaran obras, ademais da comunicación e da certificación técnica no modelo oficial, presentárase a seguinte documentación, asinada polo técnico:

- a. Memoria descriptiva (das características do local e da actividade) e xustificativa do cumprimento da normativa.
- b. Documentación gráfica:
  - Consulta descriptiva e gráfica dos datos catastrais da parcela
  - Planos de planta, alzado e sección, a escala non menor de 1:100, con situación das instalacións e da maquinaria
  - Esquema unifilar da instalación eléctrica
- c. Reportaxe fotográfica
- d. Declaración de impacto ou efectos ambientais, ou autorización ambiental integrada (se é de aplicación).

Debe vostede identificar a actividade do establecemento polo epígrafe do IAE e coa denominación que ten na normativa deste imposto e, se é o caso, nos anexos do Decreto 133/2008 e no Catálogo de espectáculos e actividades recreativas.

Antes de presentar esta comunicación, deberá aboar os tributos municipais (LAPE). No impreso debe figurar o núm. de recibo do pagamento presencial (NR/referencia) ou o núm. de expediente do pagamento vía web.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara, de xeito que a certificación técnica figure na volta da comunicación que asina a persoa interesada.

Para máis información pode vostede contactar co Negociado de Aperturas do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:

Praza do Obradoiro, 1. Pazo de Raxoi, 2º andar.

Teléfono: 981 542 420

Correo: [informacionurbanismo@santiagodecompostela.org](mailto:informacionurbanismo@santiagodecompostela.org)